

X. 475

# O ZOQUEIRO DE VILABOA

BOCETO DE ZARZUELA GALLEGA N'UN ACTO E TRES CUADROS

ORIXINAL LETRA E MÚSICA DE



Alfredo Nán de Allariz

estreada n'o Teatro Nacional d'o Centro Gallego d' Habana, a noite  
go de 1907 n'a función d'a Sociedade de Beneficencia de  
Galicia; e n'o Teatro Emilia Pardo Bazán d'a  
Cruña a noite do 8 de Novembro de 1908.

REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

F-1515

Biblioteca

Folgb. e Imp. Ferrer. Coruña



El más modesto de sus miembros y secretario fundador de la "Asociación iniciadora y protectora de la Academia Gallega" de la Habana, tan docta corporación muy fervorosamente

A. Nave de Allariz

909

O ZOQUEIRO DE VILABOA

BOCETO DE ZARZUELA GALLEGA



*Adicación.*

A meus queridos hirmaus Maria e Pepe, en  
proba de agàrimo,

*Alfredo*



# O ZOQUEIRO DE VILABOA


BOCETO DE ZARZUELA GALLEGA N'UN ACTO E TRES CUADROS

ORIXINAL LETRA E MÚSICA DE



## Alfredo Nan de Allariz

estreada n'o Teatro Nacional d'o Centro Gallego d' Habana, a noite de Santiago de 1907 n'a función d'a Sociedade de Beneficencia de naturais de Galicia; e n'o Teatro Emilia Pardo Bazán d'a Cruña a noite do 8 de Novembro de 1908.



*Fotg. e Imp. Ferrer: Coruña*

## REPARTO

PERSONAXES	N' A HABANA	N' A CORUÑA
<i>Maripepa</i> . . . .	STA. GENEROSA PRESNO . . . .	} STA. PEPIÑA PEÑA.
<i>Rosiña</i> . . . . .	SRA. CRISTINA PRESNO . . . .	
<i>Tío Mingos</i> . . .	SR. "O AUTOR" . . . . .	SR. "O AUTOR".
<i>Xoquin</i> . . . . .	» LORENZO IGLESIAS . . . . .	» FEDERICO LAGO.
<i>Vitoiro</i> . . . . .	» ABOON VIDE . . . . .	» RODRIGO GARCIA.
<i>Mateo</i> . . . . .	» CONSTANTINO ANEL . . . . .	» LUIS LENS.
<i>Isidro</i> . . . . .	» JESUS RODRIGUEZ . . . . .	» GERARDO VARELA.
<i>Andrés</i> . . . . .	» ANTONIO R. GUERRA . . . . .	» RAMON CRESPO.
<i>O Xuez</i> . . . . .	» . . . . .	» G. VARELA.
<i>O escribano</i> . . .	» N. N. . . . .	» N. N.

**Nota.**—Esta obra está destinada por seu autor á ser unha zarzuela completa, aumentándolle escéas e personaxes e algunhos números musicales, (cantables e sintónicos).

Estreouse así en boceto, por falta do suficiente personal pra mór empresa. Ademais, n' o arreglo que se fixo do terceiro cuadro pr' a Coruña, os papeles de Maripepa é Rosiña deixaronse vinculados solo n' a Maripepa.

# ACTO ÚNICO

---

## CUADRO PRIMEIRO

---

*(A escena representa unha d'as afóras do pobo de Vilaboa, perto d'Allariz. Fondo de campo. A' esquerda unha pequena casaña. Pé da porta hay un cepo de traballo, un banquiño de táboa, machada, aixola, gúbia, trencha, formon e demais ferramentas que usan os chanqueiros. No chan seis tronchos de pau, porparados pra facer chancas.)*

### ESCEA PRIMEIRA

---

MINGOS, *sentado n'o banquiño*

MINGOS. En el nombre del Padre del Hijo y del Espíritu Santo. Amen. Manda a doutrina que debemos persinarnos sempre que se comece unha boa obra.

Eu vou comenzar unha; vou faguer unhas chancas. Fai duas somanas que m'as encargou á Maripepa, e, por fás ou por nefas, non dou saído d'elas. Ea, comencemos. En el nombre del Padre..... E van duas.

O que é si as chancas non salen xeitosi-

ñas non será por falta de cruces, nin d'encomendarme á Dios.

Mau á aixola. E que lles vou á poñer un pau que arde no eixe.

E dicir; que ardeu n'ó eixe, pois foi do eixe do carro do Cazolas.

¡O que son as cousas! Iste pau vendinll'ó eu ó Cazolas por cinco reas fai dous anos; usouno todo ise tempo, é cando xa non serviu mais coma eixe, volve ás miñas maus, pra ser convertido en chancas. Nove cadelas lle din por il. Tres pares ben'os ha de dar. Son nove reás. ¡Ben dá de si o probiño!

Y-o que é por estar ben curado non se han de queixar. ¡Pau de vido! Si poidera falar, ¡cantas cousas nos contaría d'os tempos en que serviu coma eixe e de todo ó que tivo que aguantar calado! E dicir, calado non, porque cando levaba carga enriba renxia que rabiaba!

Dous anos serviu n'ó carro do Cazolas; á forza de uso foise gastando, gastando, hastra que un día cansouse de suportar tanto peso e dixo: —¡Non podó mais! je zás! quebróuse por rente d'a roda tumbando n'a corredoira á carga que levaba. ¡Probe eixe! Erel'a mesma imaxe do labrego gallego. ¡Así Dios me salve! O labrego é o eixe do carro d'a pulítica; il é o que aguanta total as cargas que o goberno lle bota enriba sin miramentos: impostos, consumos, contribucións, quintas, foros, trabucos, rendas, cargas de xusticia, todo canto lles peta botar sobre o probe labrego, sobr' o eixe, que tamen xeme co'a pesada carga, sin que ningún lle faga caso. Y-así é á sorte do labrego; unhos qu' emigran pr'ás Amérecas, outros que se quedan por portas; — son os anaquiños que se lle van saltando ó eixe. Pro ... ¡ay, do día en que o éixe labrego sepia quebrar á tempo, tumbando n'a corredoira, ou zampando de chola n'ó río á todol-os lampantís que teñen-o pobo escravizado. Pro.... non-o fará! Non. O mísero labrego, — o eixe, — sofre, xeme, e aguanta resinado. ¡Desperta, pobo, desperta; dá sinais do teu poder, da tua vida, da tua



forza; fai valer á tua razon, recrama teus di-  
reitos, administra tí á xusticia que se che  
nega; ten dinidá, desperta, pobo gallego,  
desperta!...

Esto alcendem'o sangue, e si eu pillara  
baixo da miña aixola, á testa d'un cacique co-  
ma teño iste troncho, ¡ei, recodial fagnia'o  
anaquiños así!....

(*Bate co'a machada n'o pau é racha'o en dous anacos.*)

¡Mal raxo! Xa rachei este pau,  
Colleremos outro,

## ESCEA SEGUNDA

DITO É XOQUIN, *que ven pol-a direita.*

- MINGOS. Comecemos de novo.  
XOQUIN. ¡Boas tardes, tío Mings!  
MING. Santas y buenas nos las di Dios, Xoquin.  
¿E logo, que tras de novo?  
XOQ. Xa pode ver; vou á recadal-o gando que  
está pacendo n'a lameira. Teño que lle carretar  
dous carros d'estrume á D. Talesforo, y-ó  
mesmo tempo, vou procurar un pau que teña  
boa moca.  
MING. ¿E logo?  
XOQ. Como mañan ê á festa do patron...  
MING. Xa... Porparades á algueirada coma todo-  
l-os anos, c'os mozos de Valverde.  
XOQ. Xa nos ameazaron con agardarnos n'a re-  
volta de Requeixo, armados de fungueiros e  
de facas.  
MING. ¿O qué? (*indinado*) Pois contade cumigo,  
¡recodial qu' inda teño folgos pra manexar un  
estadullo. E si hay que raxar media ducia de  
testas, ráchanse.... e Cristo con todos. Os mo-  
zos de Vilaboa non poden quedar por baixo  
d'os de Valverde. ¡Alguén ha pagal-á rabia  
que teño!  
XOQ. ¿E logo, que lle pasa?  
MING. ¡Que m'ha pasar!.... Que onte fun notifi-

cado pol-o xugado que me van vir á embargal-a chouciña, porque hay catro trimestres que non podo pagar á contribucion nin os consumos; é como lle non dín o meu voto á Don Eladio n'as eleucíós.... Serei botado pr'a rua, y-eu non sei que vai ser de min.... ¡Si me valera d'o meu xenio!....

Xoq.           ¿Y-ó seu fillo, porque lle non manda nada?  
MING.        ¡Meu fillol!.... ¡Boa peza está ó condergado!  
                El é o mais culpabre d'a miña ruina.

Empeñouse en marchar pra Cuba, e coma non tiña cartos pr'ó pasaxe, hipotequei en 45 pesos á leiriña que, xunto co'esta cachopa, herdara de meus pais. Prometeu mandar presto ó diñeiro pra levantar-a hipoteca, pro.... ¡vaiche boal os anos pasaron sin il lembrarse nunca de min pra nada; á hipoteca venceu, y-a leiriña perdeuse.

Agora tocall'e â casiña, o único xa que me quedaba,.... e tamen se perde. E logo non quéren que eu rabeche, ¡malo diaño! Esquirbinlle fai cinco meses contándolle os meus apuros é pidíndolle algús cartos, pro.... ¿tí contestache? Pois il tampouco. Non me fales d'il, porque me ferve o sangue n'as veas e non sei o que fago. Meu fillo é un canalla, un bandido, un desleigado, e si o pillara eiquí coma teño iste anaco de pau, mesmo o faguía virolíñas, esmuizábao, así, así....

*(Bate con rabia co'a machada n'o pau d'as chancas, rachando-o en dous anacos.)*

¡Mal raxo. Xa rachei outro pau. O que é d'este xeito, o éixe non dá duas chancas. Vou por outro.

Xoq.           ¿E pra quén son esas chancas?  
MING.        Pr'á Maripepa. As pezas non son malas.  
*(Collendo unhas pezas que hay n'o chau.)*  
Hay que lle botar eiquí unha tomba, e poñerlle bigoterías.... Si ves ó Farruco, pídelle un pouquichiño de becerro pra viras, que non teño.

Xoq.           Bueno, pois voume. ¿Enton mañá veño-o procurar?

MING.        Sí, hom, sí!

Xoq. A festa vai ser boa, velliño.

MING. Qué é eso de velliño. ¡Acouga, acouga, tí; que vellos son os farrapos, y·eu... inda poído romper algunhas medias solas. E mañan n'ó turreiro, xa se verá quen baila millor á muiñeira. ¿Que gaiteiro toca?

Xoq. O de Ventosela.

MING. Fólgame de que sexa ise vello patricio, esa groria gallega. N'as suas maus á gaita fai o qu'il quere: rí ou chora.

Xoq. ¿Chorar? ¿E donde hay son mais lediño qu'ó d'a gaita?

MING. Pra tí, que sempre fuche felís, sí; pro pra min, non. A nosa gaitiña rí ou chora asigún está o espritu de quen a escoita. Pr' ós que á escoitan n'a terra sona leda; pr' ós que á escoitan n'a emigración sona tristeira; séicho por esperencia. Tamén eu fun mozo, tamén eu tiven tempos felices, tempos d'ilusións, y·ó escoitala n'as festas brincabam'o curazón d'alegría dentro do peito, y·ó sorriso asomaba ós meus beizos; ría eu porque ela ría tamen. Dempoixas fun á Cuba; alí estiven tres anos pasando moitos traballiños pra ganar algunhas cadelas; enfermei do corpo e do espritu; as soedades roíam'n'a y alma. Ouvin entón á gaita... e chorei, chorei, sí, porqu'ela tamen choraba, choraba pol-a patria ausente, sentía tamen á emigración;

porque á nosa gaita,  
á gaita gallega  
á gaita adourada  
de misterios chea,  
á y·alma d' un pobo  
no seu fol encerra.

—  
Ouvíndoa en Galicia,  
n' un día de festa,  
aló entre penedos,  
n' o adro d' a eigresia,  
ou baixo as sombrifias  
d'unha carballeira,  
cando as xentes con louca alegría  
o santiño do pobo festexan,  
cando todos, mocifias e mozos,

e vellos, e vellas,  
 y-hastr'ós rapaciños,  
 bailan á muiñeira,  
 e brillan n'os ollos  
 ledicias inmensas,  
 e cheos de gozo  
 ó par d'o que as pernas  
 os curazós bailan  
 que os peitos encerran,  
 ali é onde á gaita  
 á gaita gallega  
 c'os seus meigos sonos  
 as almas recreia.

N' hay enton reisíñoles n'o mundo  
 que canten com' éla,  
 nin alegre risada de moza  
 que se lle pareza,  
 nin hay mozo qu' estoncias non berre  
 ó acabar de beilar á muiñeira,  
 «jei, rapaces, que viva por sempre  
 á gaita gallega!»

—  
 Mais... ouvíndoa en Cuba  
 tan lonxe da terra,  
 cando os desinganos co'as suas feras garras  
 n'a y-alma fan presa,  
 cand'o peito nos firen decote  
 tristuras moi negras,  
 cando ô pensamento  
 relembranzas chegan  
 d'os dias felices  
 d'a idade primeira,  
 d'os tempos ditosos  
 pasados n' aldea,  
 d'os seres quiridos  
 que alá nos esperan,  
 d'os campos ridentes  
 d'os ríos, d'as veigas,  
 de cantos feitizos Galicia atesoura  
 que é á rexión más formosa d'a terra;  
 cando istes recordos  
 á y-alma nos chegan  
 ô vernos tan lonxe d'a patria adourada,  
 alí... ¡en patria alleal...

é cando á gaitiña,  
 á gaita parleira  
 non canta alegrías...  
 so chora tristezas.

Enton son suas notas salayos doentes  
 qu' o espírito apenan,  
 enton do punteiro non fuxen risadas...  
 ¡escápanse queixas!

¿Cómo n'hei de cantar d' a gaitiña  
 as suas escelenzas  
 si ela nosa y-alma  
 no seu fol encerra?  
 ¡Gallegos enxebres,  
 gallegos de veras,  
 si amor á Galicia  
 n' o peito vos queda,

berrade cumigo—«que viva por sempre  
 á gaita gallega!»

XOQ. Sabe que, cuás que me fai chorar á mín!  
 ¡Bó latricador é vosté!...

MING. Sáicheme da y-alma. Si che non agrada,  
 líscatel!

XOQ. Vóume, si. Hastra mañán. Porparese pr'á  
 festa, ¿eh?... (*Vaise por la esquerda.*)

MING. ¡Pr' á festa! Pra festas estou eu!  
 «O que vai a festa—e rómpenlle á testa e  
 perde o que ten... ¡boa festa lle ven!»—Y-é  
 verdade. Pro, ¡qué diaño! Tamen eu fun mo-  
 zo, e tiña as mesmas ilusiós... Tempos que se  
 foron pra non tornaren mais. Bén me lembro  
 d' aqueles días ditosos, d' os que me non resta  
 mais que un recordo que me abraza as sens e  
 me magó a curazón... As festas son pra  
 xente moza, pr' á sangre nova... Cando re-  
 buldan os amores n' os peitos e rapaces e ra-  
 pazas se procuran perseguindo unha felicidade  
 que, as veces, dura toda unha vida, pro, as  
 mais, dura o que unha tarde de festa ou o  
 ripinicar d' unha muiñeira. E non-o fixen eu  
 mal n' aqueles tempos, non. Y-é natural. En-  
 ton era eu un mociño moi cubizabre, falan-  
 gueiro y-estrevido, e non habia moza á quen  
 lle dixera: «envido», que non respondese aixi-  
 ña: «¡órdago!» Enton brincaba eu c' os cura-

zós d'as mulleres; y-asi dempois se vingaron elas brincando c'ó meu caréstolas!... D'aquela era o meu compinche o gaiteiríño de Ventosela, qu' estoncias non tiña tanta sona coma hoxe de gaiteiro, pro era un mozo baril, arrogante, e namorador, que traguía sempre pé d'el unha rolada de mozas que se disputaban os seus quererés. Pro, il, que era un pillabán de sete solas, malicioso e algo pintureiro, cantaba con moita sorna algunhas canciós sobr'o caso que, non se m'esquencerán n'a vida. Escoitade...

### MUSICA

Rente de min de cote  
veñen as mozas,  
e porque eu lles toque algo  
vólvense tolas.  
A cousa é crara,  
jeu pra elas teño sempre  
disposta á gaita!

Rapaza á quen lle eu toco  
calquera cousa,  
prendada do meu xeito  
vólvese tola.  
A cousa é crara,  
jten pra *elas* mil encantos  
á miña gaita!

### FALADO

Bah, bah! deixemonos de recordos e poñamos mau ó traballo. A ver si acabo de faguer estas chanquiñas.

### ESCEA TERCEIRA

DITO E VITOIRO, *alguacil, pol-a direita*

VITOIRO. Buenas y santas.  
MINGOS. Santas y buenas. E lógo ¿qué tras por eiqui Vitoiro?

- VIT. Venjo con profundo sentimento á le notificare que...
- MING. Pro... séntate! Non teño banco que che ofrecer, pro, arrola unha pedra e séntate.
- VIT. Non, señor. Estoy bén dí pié. Señor Domingus; en este istante solene, no es Vitoiro el que se apresona gunto de vosté; soy el augacil del gusgado que le viene á notificare que se porpare á recibir á la gosticia que va venir á estender las diliguencias del embargo.
- MING. Bueno, pois, veñas ó que veñas, e sexas quén sexas, fai o favor de falar gallego, e non m'amoques! En gallego recibin as maores alegrías da miña vida y-en gallego quero recibil-as noticias que me firen a y-alma. Conque, fálam'en cristiano, ou fágoche tragar unha chauca! (*Ameazando.*)
- VIT. ¡Señor Mingus! ¡Qué soy un ripresentante de la gosticia!
- MING. Pois olla que o forno estáche pra bicas.
- VIT. Eu cumpro e'o meu menester. Xa o sabe; deiqui á logo. (*Vaise*)
- MING. ¡Adiós, curuxa! Iste é o moucho agoreiro do mal. ¡Estou que adoezo! Non sei nin o que fago. ¡Calquera traballa agora co'a noticia. (*Falando co pau que ten n'a mau*). Si ti fóral-o xués e o poidera coller así como te teño á ti, mesmo o faguia pitelos, así, así... (*rácha-o co'a machada*). ¡Mal raxo! Outro pau que levou o demo! Quédase sin chancas á Maripepa.

### ESCEA CUARTA

#### MINGOS E MARIPEPA, *que chega*

- MARIPEPA. ¡Boas, tío Mingos!
- MING. Dios te garde, Maripepa!
- MARIP. ¿Il están esas chancas ou qué?...
- MING. ¿Ti quérelas pr' este ano, ou pr' o que vén? Porque do xeito que vou...
- MARIP. ¡Cómo pr' ó que vén! Percísoas pr' ó lunes...
- MING. ¿Pr' ó lunes? Pois vaite descoidada que o lunes terál-as. (Non sei cual lunes será, pro...)

- MARIP. Pois acabe d'unha vez, y-a ver si se deixa de trolas. Diantre de vello, que todo se lle volve leria. Vaya, quede con Dios. (*Vaise.*)
- MING. Adiós. Qu' il Señor t'acompañe. E mais está garridiña á Maripepa! Si eu fora mozo ¡heim!... Vou por outro pau!...

### ESCEA QUINTA

MINGOS, O XUES, O ESCRIBANO Y-O VITOIRO, *alguacil*

- XUES. Buenas tardes!
- MING. Buenas tar... ¡ay, ay, ay, ay, ay!...
- VITOIRO. Señor Mingos; xa vosté ten coñecimento d'o que se trata...
- MING. (Eu fago unha barbaridade!)
- VIT. ¿Sabe firmar?
- MING. Si, señor augacil!
- VIT. Pois voulle leel-os autos. (*Querendo ler unhos papeles.*)
- MING. Non, ¿pr'a qué?...
- VIT. Pois enton, teña á pruma é firme.
- MING. Agarda, que pra firmar á miña disgracia sacarei unha pruma millor. (*Entra n'a casa é saca un estadullo.*) Vaya, conque á firmar ¿eh? Pois, de perdido ó río. Firmarei n'as costas da xusticia. Xa estou eu farto. Largo d'ei qui, lampantis, ladrós... Fora, fora, (*bótaos á pous á todos que fuxan terrando.*) ¡Ei, rabia do Carballiño; así os leve o demo á todos! Eu vou á careel, de fixo; pro non m'importa. Xiquera alí han-me de manter. ¡Ladrós! Agora tornarán co'a Guardia civil, é... Que veñan; pacencia! En fin; traballemos. Pro ¡qué vou traballar, si me tembra o pulso y-escapáseme á machada d'as maus. Logo, o oficio de chanqueiro ¡dá tan pouquirrichiño de si! Ises condergados zapa-teiros de feira, c' os seus borceguís baratos que lles poñen casca de castiñeiro en vez de sola, matáronnos a nosa industria. ¿E il virán os ceviles? ¿Il levarán-me preso? Troncho d'un eixe que soupeche quebrar á tempo, felis ti;



eu, que son parte do outro eixe, quixen quebrar, pro... ¡calquera che me arrenda agora á ganancia! ¿E todo por qué? Porque non podo xa con tanta carga. ¡Ay! Si poidera coller ós que teñen á culpa da miña disgracia, como teño iste pau, fagúiaos anaquiños, así, así....

(*rachando-o.*)

¡Qué mala sorte tén á Maripepa! Quédase sin chancas, como hay Dios!...

## ESCEA SEXTA

MINGOS E MATEO, *carteiro*

MATEO. Boas tardes, tío Minguíños; carta de Cuba.  
MING. ¡A ver, á ver! Do meu fillo, si! (*colle á carta, rexistra os bolsos vateiros e dice:*) Bueno, déboche á cadela.

MAT. Olle que xa son sete; y-eu necesito d' esas cadelas, pois non son ningun Rochil.

MING. ¿Desconfías de min?

MAT. Non, pro... xa son sete.

MING. ¡E qué! Si queres devólvocha; pois, de fixo que inda enriba d' o que me pasa me vén contando lástimas, coma sempre. Si eu noa sei á quen se somella iste canalla; si é un verdugo, si non hay fillo mais desleigado qu' ó meu n' o mundo. Estou por non abrilas.

MAT. Abra, hom, ábra-a.

MING. Vexamos. (*abre á carta*) ¡Eh! ¡Unha letra! (*leendo*) Páguese á orden de... 500 pesetas.... ¡Eh... ¡Cen pesos! ¡cen pesos! ¡Ay! Non, eu non vexo vén!... Istes garabatos bailan-me diante d' os ollos... A ver, á ver, que dice ehí...

MAT. Si; 500 pesetas...

MING. Traí aca, ¿Vés? ¡E inda tí desconfiabas de min por sete cochinas perras!

MAT. Eu qu' ei desconfiar! Non, señor, E si nacesita algo enriba, eiqui trayo algunhas pra lle prestar.

MING. Gracias. A ver, á ver o que dice: «Non lle

esquirbin mais antes porque hastra o de agora non puiden dispoñer do diñeiro, e ahi lle mando ises dous mil reás pra que vaiga saindo de apuros.» ¡Fillo da y-alma! Si eu sempre dixen qu'il era un bó rapaciño; si non hay fillo millor qu'ó meu no mundo. A ver; a ver. ¡Cen pesos! Que veñan, que veñan agora á embargarme ises marraus! ¡Cen pesiños!... *(pegándolle cos pés á ferramenta)* ¡Vaite d' abí! Non fago mais chancas n'a vida! Que se amoque á Maripepa! Mañan á festa. Cen pesos! Cen pesiños! *(Entra n'a casa e pecha a porta. Mateo váise.)*

FIN DO CUADRO 1.º

---

 CUADRO SEGUNDO
 

---

(Unha revolta de carretera)

 ESCEA PRIMEIRA
 

---

MINGOS, XOQUIN, MATEO, VITOIRO, CIDRE, ANDRÉS,  
*todos armados de paus*

- MING.        Xa estamos n'a revolta. ¡Adiante, recodía!  
 ¿Dixeron que n'a revolta de Requeixo nos  
 agardaban? Pois xa estamos n'ela. Agora,  
 que veñan. Y-a ver como se malla ¿eh? Que  
 non se diga que os rapaces de Vilaboa non  
 lle saben dar xeito á mau. Y-a ver si non fa-  
 cendes o do ano pasado, que ós primeiros  
 paus, puxéchedes pés en polvorosa. ¿Y-ós  
 demais, onde quedaron?
- XOQ.        Alá abaixo. Agora virán.
- MING.        Agardade, a ver. Si; alá veñen os de Val-  
 verde.
- TODOS        ¿Eim? (*demonstrando inquietude.*)
- MING.        ¡Coraxe! ¡recoiral que non se diga!...
- VIT.         No, si, xa o temos... (*medio tembrando.*)
- MING.        Alá, o lounxe do camiño, vese polvoreada;  
 han ser iles.
- VIT.         Pois que veñan ¡recrista! qu'ises da nosa  
 conta corren.
- MING.        ¿Qué corren? (Xa veremos quenes corren  
 mais.) (*Mingos quedase n' un lado ollando ó longo da ca-  
 rretera.*)
- VIT.         ¡Ay, Xoquin! ¿E tí troixeche navalla?
- XOQ.        Eu non... ¿é tí?
- VIT.         Tampouco. ¿E tí, Mateo?
- MAT.        Tampouco.
- CID.         Pois eu tampouco.
- XOQ.        Pois iles veñen armados de navalla.
- VIT.         Y-o fillo do Cañotas, vin-lle eu onte unha  
 faca así de longa.

- XOQ. Agardade qu'eu vou n'unha corredela á casa procural-a miña (*indo pé de Mingos*). Tio Mingos, téname conta do pau que vou buscal-a navalla (*deixalle o pau ó vello é vaíse correndo*).
- MING. ¡Hum!... A navalla... Paresceme qu'iste... (*duvidoso*).
- VIT. (*Achegándose ó vello*). Tio Minguíños; téname conta ehí do pau, namentres von eu dous brincos á casa buscal-a navalla. Volvo correndo (*vaíse*).
- MING. ¿Qué, volves? As costas. Xa van dous...
- MAT. ¡Ay, tio Mingos!...
- MING. ¿Tampouco ti téns navalla?
- MAT. Tampouco Téname conta do pau que vou por ela (*vaíse*).
- MING. Vai, home, vai. Ah, olla ti; colle á mais longa.  
¡Qué xentiña!...
- CID. Tio Mingos...
- MING. ¡Vai buscal-a navalla! Da aca ó pau.
- CID. Volvo, volvo (*vaíse*).
- ANDR. (*Vai falar. pro ó vello topalle á boca.*)
- MING. Cala! Vai pol-a navalla!
- ANDS. Volvo, volvo... (*vaíse*)
- MING. ¡Adiós, larpeiros! ¡lampantis! ¡larchans!...  
¡Qué moxedá, meu Dios, qué moxedá!... N'os meus tempos, oh, n'aqueles tempos!... ¿E que fago eu eiqui con tantos paus n'a mau? Si agora veñen os de Valverde, y-enriba d'istes inda me dan algús mais... n' as costas...  
¡Vou buscal-a navalla!... (*vaíse*).

## CUADRO TERCEIRO

*Unha carballeira preto do lugar d'a festa*

### ESCEA PRIMEIRA

MARPEPA, XOQUIN, VITOIRO, MATEO, ISIDRO, ANDRÉS,  
DUAS MOZAS Y-O GAITEIRO, SENTADOS TODOS N'O CHAN  
MERENDANDO. DESPOIS, O TIO MINGOS, QUE VÉN C'UNHA  
XERRA DE VIÑO E UNHA BOLA DE PANTRIGO.

VIT. Veña outro zanquiño!  
XOQ. Olla ti, come mais pan é non te atraques  
tanto de polo.

MAT. Maripepa, toma unha aliña.

MAR. Non me cumple mais.

VIT. ¿Seica estas desganada?

XOQ. Serán os amores que á teñen asi.

MAR. Vaya petar á outra porta que ehi no é'n

VIT. ¿Y-o viño? ¿il ven ise viño?...

TODOS. O viño, o viño!...

MING. (*Chegando*). Ei, tanto berrar. Eiqui está o  
viño; e ahi tendes mais pantrigo. Troixen  
esta bola porque xa non queda mais pan á  
venda.

XOQ. ¿E logo?

MING. Pois que, á filla d'a tia Chinta de Requei-  
xo, tivo unha nena o mes derradeiro, e como  
naceu moi encrenque, ofreceu traguel-a ô  
santo e pasala á pantrigo. Chegou cando xa  
non habia mais que catorce libras que tiña á  
Cachela; a neniña pesou doce libras, que foron  
as que lle levou Chinta de pan ó santo.

Y-ali era de ver á Chinta toda afixida:  
«Ay, meu Dios; doce libras de pantrigo á ca-  
tro cadelas, fan corenta e oito, dez reás me-  
nos un can; eu quedo arruinada. Pro non im-  
porta; o santiño foi bon que me sanou á  
pequena. Ay, Cacheliña, ten tino; pésame  
ben o pan, non roubes nada, olla que é pro

santo, non se me vaya enfadar e nos castigue enfermando outra vez a nena...»

VIT. Olle que levárle pantrigo ó santo, ¡tén que ver!

MING. ¿E qué? E verdade que o santo non come pantrigo, pro cómeno o abade y-o saneristán, y-ó santo agradececo. ¿E que me decindes da muller do Rubiás a taberneira; dinantes non me fiaba un neto de viño nin pidíndollo por Dios, y-agera, como sabe que recibin esas cantas brancas. en canto me víu, tiñádelas que ver: «Tío Minguíños, veña pra acó e leve ó que lle veña en gana, que xa pagará cando lle pete; xa sabe que de canto eu teño vosté dispon...»

VIT. ¿E non aceptou?

MING. En parte... Hay que andar amodiño. Has tra o cego de Vilar me fixo gracia. Está rentes d'a corredoira platicándolle as xentes que pasan: «Teñan caridá cristiana d' este probe méndego cego d'os ogos y del alma. Díos les día á todos vista en los ogos.» Y'o pasar eu, escramou moi falangueiro; «Il señor le acompañe, D. Mingu, y sea enhorabuena.»

XOQ. ¿E cómo o coneceu si é cego?

MING. Cego dicen que o é, pro conecer conecume.

Iste ano veu moito xentío á festa do patron. Está aquí turreiro que rebulda. Ah!... E tende coidado, que os mozos de Valverde andan por ahí co'as de Caín.

VIT. Eiqui estamos seguros.

MING. Gracias á min que soupén buscar iste curunchiño apartado pra merendar. Pro logo n'o turreiro xa veremos.

XOQ. A xantar, que o demais xa virá.

VIT. ¿Afellas, non queres mais, Maripepa?

MAR. Non, xa o dixen.

MING. Nin unha pinguiña.

MAR. Tampouco.

VIT. Pois eu si, que dendes que estou á rentes da Maripepa, teño unha sede que rabecho...

MAR. ¡Rabiaras ti!


TODOS. Que lle diga algo, que lle diga algo.

- VIT.            ¿Eu?... Ala vai (*cantanda*).  
 Olla moza que os teus ollos  
 estan-me alcendendo á sangre,  
 e si me sigues ollando  
 non sei o que irá pasare.»
- MAR.            (*Cantando*).  
 Mociño non sexas tolo,  
 si tel-a sangre alcendida,  
 métete de chola ó río  
 y-apagachese enseguida.»
- VIT.            Si vas pr' ó lugar de noite,  
 conta co'a miña compañía,  
 que solas entre carreiros  
 corren peligro as rapazas.
- MAR.            Agradezocho mociño  
 pro tua compañía non quero,  
 porque vale mais ir sola  
 que ir en compañía do demo.»
- TODOS.  
 MING.          Moi ben; moi ben! (*rindose e armando barullo*).  
 Portáchete rapaza. Mañan fagoch' as chan-  
 cas.
- XOQ.            Veña un parrafeo dos seus tempos, tío  
 Mingos.
- MING.  
 TODOS.  
 MING.          Eu xa n'estou pr'eses trotes.  
 Veña, veña!
- MING.          Xa que vos empeñades, alá vai. Fareime  
 de conta que volvo á ser mozo. Ven ti pr'  
 acá! (*facendo erguer á Maripepa*).  
 Buenos días tenga usted  
 hermosísima señora,  
 sus cariños solamentres  
 me traen por aquí agora.
- MAR.            Con licencia dos señores  
 faga o favor de decir,  
 quén é vosté, qué me quere,  
 y-a qué razón ven eiqui.»
- MING.          A razón eu cha direi  
 e sabrei contar verdade:  
 veño por pasar o tempo  
 que é cousa da mocidade:
- MAR.            Si é cousa da mocidade  
 no curazón non me deche  
 si n'esqueciche o camiño  
 volve por onde viñeche,

- MING. O camiño ven-o sei,  
ven-o vexo dend' eiqui,  
pro espero de levar  
unha rosa par de min.
- MAR. Enriba da miña porta  
si é que pasas por alí,  
hay un letreiro que dice  
que eu para ti non nacín.
- MING. Pois eu enriba da miña  
tamen teño posto iste outro,  
ti pra min non nacerías  
pro eu para ti tampouco.
- MAR. O que á min me namorare  
ha ser un mozo de xeito,  
pois que son rapaza nova  
non quero vestir *de vello*.
- MING. Perdoneme uste, señora,  
que eiqui tal cousa lle diga,  
val mais ser vello con xuicio,  
que moza con fantasía.
- MAR. A los pies de usté, señora.  
Con Dios vaiga el caballero.
- MING. Non gaste tanta fanfarria.
- MAR. Si la gasto es porque puedo.
- TOBOS. Moi ben; moi ben!
- MING. Moi ben, Maripepa. Mañan fágoche as  
chancas. Y-ahora, rapaces; antes de ir ó tu-  
rreiro botaremos eiqui o primeiro baile.
- Rapaciña, aunque ves que son vello  
inda sei darlle xeito as canelas  
¿queres pra este baile,  
ser miña parexa?
- MAR. N' hay inconveniente.
- MING. Agradezo prenda;  
infla o fol, gaitero,  
veña unha muiñeira;  
mocías e mozos  
á movel-as pernas.  
Ei rapaces; gallegos enxebres;  
¡viva á nosa terra!  
(*Toca o gaitero e acaban bailando Maripepa é Míngos*)

FIN





1870

Received of the  
Hon. Secy of the Navy

1871

the sum of \$1000  
for the purchase of

1872

the sum of \$1000  
for the purchase of

1873

the sum of \$1000  
for the purchase of

1874

the sum of \$1000  
for the purchase of

1875

the sum of \$1000  
for the purchase of

1876

the sum of \$1000  
for the purchase of

1877

the sum of \$1000  
for the purchase of

1878

the sum of \$1000  
for the purchase of


1879

the sum of \$1000  
for the purchase of

1880

the sum of \$1000  
for the purchase of

By the Cashier  
of the Treasury



## OBRAS GALLEGAS DO MESMO AUTOR

---

**Fumo de palla**, colección de versos.

**Hortigas**, prosa. (En preparación).

**De Xerusalén á Roma**, poema. (Idem).

## OBRAS TEATRALES

**Loitas da y-alma**, cuadro dramático en verso.

**Foiche boa festa**, monólogo en verso.

**Recordos d'un vello gaitero**, monólogo en verso.

**Airiños!... levaimé á ela!...**, boceto cómico dramático.

**O zoqueiro de Vilaboa**, boceto de zarzuela.

**O vello y-ó sapo**, monólogo en verso, (inspirado n' o *Nocturno*, de Curros Enríquez), inédito

